

Claudio Guillén (1924-2007): o maxisterio da Literatura Comparada

Darío VILLANUEVA

Da Real Academia Española
Presidente de honor da *Sociedad Española de Literatura General y Comparada*
Universidade de Santiago de Compostela

O 27 de xaneiro de 2007 falecía na súa casa de Madrid Claudio Guillén Cahen, Presidente de honra da *Sociedad Española de Literatura General y Comparada* e membro do comité científico fundacional de *Moenia*.

Tanto os membros da SELGYC como os comparatistas da Universidade de Santiago de Compostela manteñen ben presentes todos os méritos e logros que marcaron a fecunda existencia de Claudio Guillén, ao tempo que de maneira unánime lamentan extraordinariamente a perda de figura humana e intelectual tan excepcional como a súa.

Foi o noso mestre o que el mesmo denominaba “a intelixencia da multiplicidade”¹. Así o recoñeceron expresamente voces tan autorizadas como, por limitarme ás referencias máis recentes, José María Pozuelo Yvancos, César Domínguez ou Fernando Cabo Aseguinolaza². No plano institucional, a *Sociedad Española de Literatura General y Comparada* expresou tamén o profundo sentimento dos seus asociados por causa desta perda irreparable para o comparatismo español e internacional e promoveu xa actuacións pertinentes para render homenaxe a Claudio Guillén.

A primeira delas foi a sesión académica na súa memoria que se organizou conxuntamente coa Facultade de Filoloxía da Universidad Complutense e tivo lugar o 8 de maio coas intervencións do Ilmo. Sr. Decano, Dr. D. Dámaso López, do Presidente da SELGYC e de figuras tan relevantes das nosas disciplinas como Antonio García Berrio, Glyn Hambrook, José Manuel Blecua, Carlos García Gual, Jean-Pierre-Étienvre e José Antonio Millán.

¹ *Múltiples moradas. Ensayo de literatura comparada*. Barcelona: Tusquets, 1998, 426.

² J. M. Pozuelo Yvancos: “Claudio Guillén, un pensamiento interrogativo”. *Revista de Occidente* 302-303 (2006), 140-159. César Domínguez: “Comparative Literature, Literary Theory and the Anxiety of Omission: Spanish Contributions to the Debate”. *Primerjalna Književnost* 30/1 (2007), 11-24. Fernando Cabo Aseguinolaza: “Claudio Guillén o los equívocos de la teoría”. En Túa Blesa *et al.* (compiladores): *Pensamiento literario español del siglo XX, I*. Zaragoza: Universidad, Anexos de *Tropelias*, 2007, 87-104.

Complementariamente, a Xunta directiva acordaba que a homenaxe a Claudio Guillén se estendese á configuración do XVII Simposio da SELGYC, convocado na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona para setembro de 2008. A tal propósito, un dos tres temas de traballo propostos para o simposio foi o de *Claudio Guillén e a tradición hispánica da Literatura Comparada*.

Desde 1953, ano do seu doutoramento en Harvard, ata o seu ingreso na Real Academia Española, que se produciu no 2002, a súa carreira universitaria desenvolveuse en Universidades norteamericanas como a mencionada ou as de San Diego e Princeton ata ser designado logo, en 1982, catedrático extraordinario de Literatura Comparada na Autónoma de Barcelona. Se ata esta última data as súas obras serviran de inspiración e guía para os comparatistas e filólogos españois, a partir de entón a súa presenza persoal fíxose sentir profundamente entre nós, tanto no ámbito puramente universitario como no da propia SELGYC, que presidiu entre 1984 e 1989 e á que seguiu prestando sempre o seu concurso e consello.

Claudio Guillén publicou así mesmo en España *Entre lo uno y lo diverso*, a súa introdución á Literatura Comparada que foi obxecto pola súa banda dunha nova edición aparecida en 2005 cuxa primicia presentou, a modo de relatorio xeral, no noso simposio de decembro de 2004 na Fundación Juan March. Igualmente, de 1999 data *Sen fronteiras. Ensaio de Literatura Comparada en homenaxe a Claudio Guillén*, ensaios que, compilados por Enric Bou, Antonio Monegal e Dario Villanueva, lle dedicaron a Universitat Pompeu Fabra, a cuxo claustro tamén pertenceu, e a Universidade de Santiago de Compostela, na que como profesor visitante contribuíu a crear no 1991 o primeiro programa de doutoramento de Teoría da Literatura e Literatura Comparada establecido en España. Entre 1985, o ano da primeira edición de *Entre lo uno y lo diverso*, e 2007, en que aparece a súa última obra, *De leyendas y lecciones*, Claudio Guillén publicou en España un total de dez libros, que representan o tronco fundamental da súa produción bibliográfica inaugurada en 1971 cun influente estudo escrito en inglés e publicado en Princeton, *Literature as System*. Engádanse ao apuntado outras dúas realizacións de considerable transcendencia, a dirección por parte de Claudio Guillén de senllas coleccións de textos literarios, os Clásicos Alfabuara nos anos setenta e oitenta, e a Biblioteca de Literatura Universal nos decenios seguintes.

Se *Literature as System* se converteu deseguida nun texto de referencia obrigada para os cultivadores dos estudos literarios, a súa resonancia tivo cabal continuidade, xa na etapa española de Guillén, coa publicación posterior doutra obra súa, *Teorías da historia literaria*³, cuxo título era o subtítulo daquel primeiro libro de 1971. Nestes e nos seus ensaios posteriores, o mestre móstrase fiel a unha concepción do estudo rigoroso da literatura como a suma harmónica e equilibrada dunha *fundamentación* teórica cuxas orixes se remontan ata a Poética e a Retórica clásicas, do *achegamento crítico* aos textos singulares, dunha inescusable *perspectiva histórica* e, como alcaolide de tan fecundos compoñentes, do *comparatismo*.

³ Madrid: Espasa-Calpe, 1989.

O maxisterio de Claudio Guillén parte de moi sólidos fundamentos que, precisamente por isto, nos resultaron tan convincentes. No prólogo que escribía en 2006 ao seu último libro *De leyendas y lecciones* manifesta, así, que

la vocación de lo que prefiero llamar crítica ha sido esencial y tenazmente integradora. En todo momento se ha tenido por fundamental la confluencia de tres clases de saber y tres cauces de investigación: la lectura atenta de los textos, su justa situación en la historia de la literatura y el uso apropiado de términos teóricos. Crítica, historia y teoría, pues, como bases no suficientes pero imprescindibles del trabajo que realizar⁴.

E noutro prólogo non menos importante aos nosos efectos, o de *Teorías da historia literaria*, confesa Claudio Guillén ao “lector amigo” o seguinte: “¡Si supieras lo que me cuesta situar un tema español exclusivamente en el ámbito de España”⁵. Literatura Comparada a súa non á antiga usanza xenetista, versión internacional do que Pedro Salinas bautizou con sorna como “crítica hidráulica”, senón consonte un novo paradigma no que as converxencias, máis que as influencias, revelan a solidez das constantes ou leis xerais da literariedade que persegue a Teoría da Literatura. Alí mesmo, na páxina que acabamos de citar, atopamos outra das clarividentes proposicións de Guillén que tanto nos axudaron a atopar o noso rumbo e a actuar, logo, en consecuencia:

Hoy solemos pensar que la teoría de la literatura y el comparatismo tienden a converger y a necesitarse mutuamente. Muchos pensamos que en esta confluencia reside el futuro de los estudios literarios en nuestro país⁶.

O reto da Literatura Comparada non deixa de presentar certos compoñentes utópicos, nados da vasteza do campo que comprende e as naturais limitacións humanas con que debemos enfrontarnos a el. Marius-François Guyard describía o “equipamento do comparatista” como a suma dun marcado sentido histórico, unha ampla información sobre as literaturas de varios países, a capacidade para ler diferentes linguas e un coñecemento puntual das fontes bibliográficas. E Claude Pichois e André-M. Rousseau completan tan esixente cadro así: “Un bilingüismo conxénito, estudos no estranxeiro, unha familia cosmopolita”.

Non cabe dúbida de que hai individuos privilexiados a este respecto por razón da súa procedencia familiar ou xeográfica. George Steiner, por exemplo, é fillo de xudeus austríacos, nado en París, formado nos Estados Unidos e profesor en Xenebra e Gran Bretaña. Similares perfís repítense entre grandes comparatistas. Louis Betz era neiorquino de país alemáns, e foi en Zürich onde estudou e ensinou. Nesta mesma cidade helvética estivo o francés Baldensperger, cuxas raíces procedían de Escocia. Ernst Robert Curtius era alsaciano, un francés de cultura alemá. Arturo Farinelli, italiano, nado no Trento anexionado a Austria, ensinaba en Innsbruck Literatura europea en xeral, e no caso de Werner Paul Friedrich encontrámonos de novo cun suízo afinado nos Estados Unidos, en varias de cuxas Universidades desenvolveu a súa actividade comparatística. Non nos esqueceremos, tampouco, de Edward W. Said, que na súa impresionante autobiografía de 1999 *Out of Place* nos proporciona todas as claves da súa traxectoria persoal, a dun palestino nado en Xerusa-

⁴ *De leyendas y lecciones: siglos XIX, XX y XXI*. Barcelona: Editorial Crítica, 2007, 8.

⁵ *Teorías de la historia literaria*. Madrid: Espasa-Calpe, 1989, 13.

⁶ *Op. cit.*: 13.

lén en 1935, desde onde a súa familia se traslada ao Líbano e en 1948 a Exipto para que, finalmente, Said, fillo dun árabe que combateu na Primeira Guerra Mundial co exército norteamericano, se doutore en Harvard e ensine logo Literatura inglesa e comparada na Columbia University.

En España tivemos o privilexio de contar con Claudio Guillén Cahen, nado en París fillo dunha dama francesa de familia xudía, que acompañou ao exilio ao seu pai o poeta Jorge Guillén, tomou parte na Guerra Mundial xunto aos aliados, formouse en Francia e nos EE. UU., profesou en Alemaña e logo en Princeton, San Diego e Harvard, pioneira esta última Universidade na acollida á Literatura Comparada coa creación en 1890 dunha primeira cátedra e catorce anos despois do correspondente Departamento, e finalmente regresou a España, para exercer xa *in praesentia* o maxisterio ao que nos referimos xa.

Se o comparatismo se pode relacionar con certas circunstancias persoais dos individuos a el dedicados, que como se chegou a dicir precisan ser políglotas, filólogos e vagabundos, tamén cabe vinculalo ás características peculiares de determinados países. Por exemplo, Suíza foi o Estado onde primeiramente proliferaron cátedras de Literatura Comparada, no que lle seguiu Francia, e Italia con posterioridade. A Confederación Helvética resulta un territorio de promisión para o comparatismo por ser unha comunidade cun territorio reducido no que conviven catro culturas diferenciadas, a retorrománica, a italiana, a francesa e a alemá, predominantes estas últimas pero respectuosas das outras dúas, e tampouco é estraña a especial sensibilidade canadense a este respecto; de feito, o sétimo congreso da *Asociación Internacional de Literatura Comparada (AILC/ICLA)* tivo lugar na francófona Montréal e a anglófona Ottawa. En relación ao que dicimos, España non é un enclave precario, grazas ás súas nacionalidades cunha lingua vernácula que convive coa de todo o Estado e dunha vasta comunidade internacional. Iso non quere dicir, sen embargo, que a tarefa desta disciplina entre nós se reduza a comparar as Literaturas en éuscaro, catalán, galego e castelán entre si, prescindindo desa dimensión transnacional sen a que non cabe un auténtico comparatismo.

A este respecto, existe un tema do máximo interese que Claudio Guillén sempre abordou brillantemente. Refírome ao multilingüismo, cousa diferente do bilingüismo e a diglosia, conceptos propios da Sociolingüística. A Historia proporciónanos abundantes exemplos de como a Literatura foi cultivada por escritores capaces de empregar a tal fin máis dunha lingua. Por limitarnos en exclusiva á Península Ibérica, non faltan boas mostras deste fenómeno, desde un Ramon Llull que se serve do catalán, o latín, o árabe e o provenzal ata Camões, poeta en portugués e en castelán como Fernando Pessoa o será na súa lingua e no inglés.

O espírito que alentou o nacemento do comparatismo e dura en quen o practican está cabalmente resumido na idea que Eliot desenvolve no famoso ensaio de 1920 “Tradition and Individual Talent”. Descríbese alí unha orde ideal constituída por todas as obras literarias xa existentes que se modifica parcialmente coa aparición dun novo texto literario de valor, pois con el se revalida non só o significado de cada creación concreta senón tamén o conxunto constituído por todas elas. O pasado inflúe no presente da Literatura, pero tamén acontece o contrario, e se isto é así no que fai á dimensión temporal, que dicir da puramente

espacial: é absurdo considerar que a Literatura escrita nunha lingua e nun país se nutre exclusivamente de si mesma, pois desde os clásicos greco-latinos ata os escritores contemporáneos doutras procedencias todos estiveron contribuíndo a cada creación singular, que será medida e apreciada fundamentalmente a través da comparación.

Eliot sae ao paso da idea romántica de orixinalidade, e o certo é que o nacionalismo literario, froito directo do Romanticismo, é ao tempo o gran acicate e un dos maiores freos para a existencia da Literatura Comparada. Porque a Historia literaria como disciplina académica terminou cunha concepción anterior na que non cabía a identificación separada dunha Literatura fronte á escrita noutra lingua. Existía unha Literatura, que cobraba diversas manifestacións en códigos lingüísticos diferentes, pero tanto a formación dos escritores como o estudo das Letras procedían dunha patria común, que a Retórica e a Poética asentaban solidamente nunha tradición supranacional, orixinaria de Grecia e Roma. Como escribe Claudio Guillén en *Entre lo uno y lo diverso* para resumir esta situación, “la unidad de la Poética triunfaba sobre la diversidad de la poesía”⁷. Unha vez que se rompe esa traxectoria mantida ata principios do s. XIX, a Literatura Comparada vén a intentar restituír tal continuidade, pero por unha vía distinta. É dicir, a restaurala non a partir de certos “universais literarios”, senón desde os “particulares literarios” de cada unha das linguas na súa expresión artística, postos en común, comparados e avaliados para percibir neles semellanzas e diverxencias. É perceptible neste proceso, como Claudio Guillén sinala, unha “fecunda paradoja histórica. El nacionalismo ascendente es lo que cimentará un internacionalismo nuevo”⁸.

Mas desde o principio se expón un dilema ou tensión interna no ámbito da Literatura Comparada que se mantén ata hoxe: esta nova disciplina literaria que cara 1820 ou 1830 empeza a xermolar foi concibida como unha variante da Historia da Literatura ou, se preferimos, das Historias das Literaturas. No momento en que os liberais franceses, contradicindo o *chauvinisme* que tradicionalmente se apón a Francia, pensan que facer unha historia da súa Literatura reclama poñela en comparanza con outras literaturas, aínda que só sexa para demostrar a excelencia da propia, entón a Literatura Comparada aparece como unha disciplina ancilar da Historia literaria que estaba entón comezando a consolidarse aínda. Pero será o s. XX o gran momento da Literatura Comparada, nunca allea ao rumbo xeral da Historia. Por exemplo, acúsase con nitidez o forte impulso que cobra ao concluír a Primeira Guerra Mundial. Xorde entón, tralo tratado de Versalles, o convencemento de que as feridas do conflito debían de ser estiñadas por medio do mutuo coñecemento entre os pobos, tarefa na que as súas respectivas achegas culturais e artísticas resultaban do máximo interese, e así non só proliferan os estudos comparatísticos no ámbito universitario senón que se empezan a crear asociacións tanto nacionais como internacionais dedicadas á “Literatura xeral e comparada”.

Loxicamente, a paz outorga o ambiente que máis favorece os intercambios literarios e estimula o interese por atopar unha ligazón entre Literaturas pertencentes a linguas e nacións distintas. A política de bloques e a “guerra fría” posteriores a 1945 non foron, por exemplo, favorables para os proxectos comparatistas, sobre todo na medida que frearon este

⁷ *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la Literatura Comparada*. Barcelona: Crítica, 1985, 39.

⁸ *Op. cit.*: 42.

impulso nalgúns países tralo chamado “Pano de aceiro” como Hungría ou a propia Unión Soviética, de moi notable multilingüismo, que eran pioneiros no desenvolvemento da Literatura Comparada. Polo mesmo, cabe pensar que os acontecementos históricos de finais dos anos oitenta e principios dos noventa abren novas esperanzas, nunha Europa que por unha parte viu caer o muro de Berlín e que por outra se atopa embarcada na aventura dunha integración xa non exclusivamente económica senón tamén política, para o que é imprescindible afondar no recoñecemento das raíces culturais comúns de todos os pobos do Vello continente.

Neste sentido, e na marxe dos avatares políticos que se produciran a este respecto, parécenme de sumo interese e pertinencia para nós algún dos termos e enunciados do Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa asinado en Roma o 29 de outubro de 2004 polos plenipotenciarios dos entón vinte e cinco países da Unión. Aínda, cando escribo estas páxinas en homenaxe a Claudio Guillén, está fresca a tinta con que os representantes dos vinte e sete Estados que a constitúen agora asinaron o 13 de decembro de 2007 o novo Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Xa no preámbulo de tan empeñosa carta magna se menciona a Europa como “unida na diversidade”, extremo que incluso se recolle no artigo I, 3 entre os obxectivos da Unión, que “respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural europeo”. Esa noción de unidade respectuosa da variedade é como un fio condutor ao longo de todo o texto constituínte. Na Parte II, que corresponde á carta dos dereitos fundamentais da Unión, atribúeselle a esta “defender e fomentar estes valores comúns dentro do respecto da diversidade de culturas e tradicións dos pobos de Europa”, respecto que se reitera no artigo II, 82, e no artigo III, 280: “A Unión contribuirá ao florecemento das culturas dos Estados membros, dentro do respecto da súa diversidade nacional e rexional, poñendo de relevo ao mesmo tempo o patrimonio cultural común”.

A introdución á Literatura Comparada de Claudio Guillén, obra que exerceu unha considerable influencia coas súas traducións ao inglés (1993) e o italiano (1992), leva no seu propio título o mesmo lema, *Entre lo uno y lo diverso*, e entre os libros posteriores do autor cóntase precisamente *Europa, ciencia e inconsciencia*⁹, incorporado finalmente a *Múltiples moradas*. Ben sabemos, non obstante, que a nosa disciplina debe alentar un propósito case quimérico en virtude do cal, abandonado definitivamente o eurocentrismo, asuma como o seu horizonte a *Weltliteratur* invocada por Goethe, tarefa á que é urxente convocar aos mozos estudantes e investigadores das distintas universidades de toda Europa. Estas ideas estaban ben presentes na visión de Claudio Guillén, que puido participar xa desde España na prodixiosa utopía razoable dunha Europa sen fronteiras, tal e como os seus escritos do momento non deixan de translucir. Así, en *Múltiples moradas* o mestre chama a construír “una Europa no simplificada, ni trivializada, ni uniforme, sino compuesta en lo posible de mutuas relaciones cognoscitivas, es decir, de inteligencias reunidas”¹⁰. Nada

⁹ Valencia: Eutopías, 1997.

¹⁰ *Op. cit.*: 367.

máis acorde coa súa personalidade que “a sociedade ultranacional e multidimensional coa que os europeos se van compenetrando”, nin nada máis eficaz para esa “intelixencia da multiplicidade” que Guillén demandaba co propósito de reconstruír culturalmente Europa que o equipamento intelectual e metodolóxico que a Literatura Comparada pode deparar.

O propio Edward W. Said considerábase concernido, como tantos outros o estamos, por semellante concepción universalista de todas as literaturas do mundo e sitúa nela “el fundamento de lo que habría de convertirse en el campo de la literatura comparada”¹¹. Mais no que se refire á situación actual do noso continente, cabe preguntarse acerca de qué literatura haberá de ensinársese nun inmediato futuro aos mozos europeos. Sen que isto signifique en ningún modo o descoido das letras vernáculas ou nacionais, nin tampouco a ignorancia das tradicións literarias non occidentais, todo parece indicar que haberá un espazo disciplinar para a Literatura —como tamén para a Historia— europea. Nada máis congruente, por outra parte, co fundamento histórico da nosa cultura común. Entrementes que o sistema educativo non produza as correspondentes obras de referencia, que terán loxicamente unha difusión supranacional, os estudos de Literatura Comparada xa existentes constitúen o marco de referencia doutrinal máis apropiado e útil para que as novas xeracións identifiquen a súa literatura cun repertorio multilingüístico de textos eminentes, por outra parte intimamente relacionados entre si e partícipes de similares formulacións poéticas.

Sempre existirán, non obstante, forzas en contra: por exemplo, a exacerbación dos nacionalismos, que non é allea ao noso horizonte actual. Pero desde a transición finisecular existe outra tendencia perniciosa a este respecto. Refirome ao chamado “multiculturalismo” que desde hai vinte anos cobrou nos Estados Unidos un auxe extraordinario. Desde tal perspectiva propúgnase unha proxección sobre o literario de modelos tomados do imperialismo e a colonización. Así, a cultura occidental adquire un nesgo de instrumento opresor, fundamentalmente eurocéntrico, sobre outras culturas ás que impuxo un modelo de valores literarios elitista e clasista. Segundo quen así pensan, unha Literatura é por completo equiparable a outra; o que ocorre é que a chamada “clásica” vai acompañada dun aparello de poder que desterra do canon a certas manifestacións locais. Cando no ámbito académico se chegue a considerar que un Shakespeare é un instrumento máis do imperialismo inglés como Cervantes o é do español, abrírase unha nova trincheira contra o avance da Literatura Comparada.

As definicións de Literatura Comparada son múltiples e non deixaron de revisarse continuamente tanto na súa forma como no seu contido desde que Fernand Baldensperger abriu en 1921 a *Revue de Littérature Comparée* tratando acerca de “le mot et la chose”. Tanto é así que nun dos seus *Literary Essays* Ezra Pound chega a afirmar que aínda figurando nos plans de estudo dalgunhas Universidades, “very few people know what they mean by the term”. A proposta por Claudio Guillén é cautelosa e subliña o aspecto que máis lle interesa ao autor, o da superación dos nacionalismos culturais:

Por Literatura Comparada (rótulo convencional y poco esclarecedor) se suele entender cierta tendencia o rama de la investigación literaria que se ocupa del estudio sistemático de conjuntos supranacionales [...] Y digo supranacional, mejor que internacional, para subrayar que el

¹¹ *Humanismo y crítica democrática*. Barcelona: Debate, 2006.

punto de arranque no lo constituyen las literaturas nacionales, ni las interrelaciones que hubo entre ellas¹².

O que define a un comparatista —ben o salienta Guillén por todas as partes— é precisamente a conciencia dunhas tensións entre o local e o universal; ou se se prefire, entre o particular e o xeral, sen consagrarse por enteiro a un dos dous extremos desta polaridade. E sempre co desexo de superación do nacionalismo cultural: da utilización da literatura por vías nacionalistas, instintos narcisistas, propósitos ideolóxicos. “Importa no solo describir lo sucedido en una literatura u otra —escribía Guillén en *Múltiples moradas*—, sino destacar aquello que solo una mirada de conjunto puede descubrir”¹³. Que mellor programa para quen desexemos contribuír ao mellor coñecemento dun dos sectores “rexionais” —chamémoslle así— do inatinxible territorio do Comparatismo: a Literatura europea?

A nosa disciplina é tamén unha sorte de ideoloxía militante, un sistema de ideas acompañado dunha visión ampla da Literatura, o Humanismo e a propia Historia, algo que está nas súas mesmas orixes decimonónicas (por non remontarnos ás Luces), que son liberais, pacifistas e cosmopolitas. Desde ese mesmo espírito escribía Claudio Guillén en 1985 a súa *Introducción a la literatura comparada*. E así, en 2005 a segunda edición española desta obra fundamental inclúe, amén doutras novidades, un interesante prólogo titulado “La Literatura Comparada y la crisis de las humanidades”, válido para pulsar a situación da disciplina a comezos do século XXI.

Claudio Guillén define a atmosfera que respiran os comparatistas do presente como a xeneralización do desconcerto, despois de que os corenta anos comprendidos entre 1945 e 1985 representasen unha Idade de Ouro para o coñecemento sistemático e o estudo crítico e histórico da literatura en xeral, no contexto dun espazo literario cosmopolita.

Guillén segue recoñecendo, como non podería ser doutra forma, o papel de centros impulsores da Literatura Comparada que desempeñaron no período citado Francia e os Estados Unidos, pero mostra a súa preocupación, que eu tamén comparto, por certos fenómenos fundamentalmente xurdidos en Norteamérica.

Alármalle sobre todo a politización das Humanidades en termos ata hai pouco descoñecidos que se estendeu polos departamentos correspondentes daquelas universidades que Guillén coñece moi ben, testemuño ratificado logo por Antonio Monegal¹⁴.

Claudio Guillén fixase, por exemplo, na hexemonía que foron adquirindo, en detrimento dos estudos literarios tal e como se concibían tradicionalmente na Academia, os “Cultural Studies” e os “Post-colonial Studies”. Porque, nas súas propias palabras, “el valor social y político de una publicación feminista es en mi opinión indiscutible; pero su calidad crítico-literaria no lo es”¹⁵.

¹² *Entre lo uno y lo diverso*, 13-4.

¹³ *Múltiples moradas*, 299.

¹⁴ “La Literatura Comparada en tiempos de revolución”. En *Mil seiscientos dieciséis*. 1616 XI (Anuario 2006), 279-88.

¹⁵ *Entre lo uno y lo diverso*. *Introducción a la Literatura Comparada (Ayer y hoy)*, segunda edición. Barcelona: Tusquets, 2005, 18.

Aos Estudos culturais achácalles un vicio de raíz: borrar a distinción entre o popular e o culto, ou entre as manifestacións eminentes da creatividade humana e outras expresións menos granadas nunha escala de valor estético decantada despois de milenios de cultura. Iso non lle impide, sen embargo, eloxiar sen reservas a un teórico formado en Yale como Fredric Jameson.

Considera, sen embargo, moito máis rica e fértil a orientación dos Estudos post-coloniais, en relación á cal salienta con entusiastas argumentos o papel de Edward W. Said, cuxas achegas están rexidas por unha sorte de “contrapuntal thinking” que fai xustiza ás literaturas periféricas ou preteridas. Porque, segundo el,

la mentalidad imperial no solo es política; es cultural, y moralmente coincide con la soberbia. Vivimos en mundos plurales y el gran enemigo es la simplificación. Ninguna visión tiene total hegemonía sobre el terreno que contempla. Ninguna cultura es monolítica. Ninguno de nosotros es sólo una cosa¹⁶.

Por outra parte, malia conviccións súas ao respecto que citamos xa, Claudio Guillén chegou nalgún momento a temer que no noso país o Comparatismo fose absorbido pola Teoría. A súa prevención nacía dunha circunstancia administrativa producida a principios do novo século, cando no catálogo oficial das áreas de coñecemento existentes nas universidades españolas incluíuse por primeira vez a Literatura Comparada mediante o expediente de integrala na de Teoría da Literatura, que xa fora recoñecida como tal desde mediados dos oitenta.

Como catedrático de Teoría da Literatura e Literatura Comparada e como reitor da miña Universidade puideron seguir moi de preto este proceso integrador, e a responsabilidade da miña participación nel, inspirada sempre nos escritos e nas conversacións do mestre, non me permitiu compartir o seu pesimismo. Lonxe de significar un prexuízo para ela, creo que o resultado final do mencionado proceso nos proporcionou a única posibilidade existente ata agora de recoñecer expresamente a Literatura Comparada entre as áreas de coñecemento do sistema universitario español.

A solución ideal, é dicir: unha área de coñecemento propia de Literatura Comparada, era totalmente inviable entón, pois as instancias ministeriais e o propio Consello de Universidades non estaban dispostos a engrosar o catálogo das devanditas áreas con novas incorporacións polo que isto representaría de fragmentarismo no mapa do coñecemento e a investigación.

Paradoxalmente, cando nós logramos o primeiro asentamento disciplinar da Literatura Comparada no repertorio universitario institucional, noutros enclaves xeográficos onde a situación estaba aparentemente consolidada producíronse retrocesos tan significativos como para explicar que Susan Bassnett na súa influente introdución á Literatura Comparada puidese afirmar que “today, comparative literature in one sense is dead”¹⁷. Os síntomas que aduce para xustificar o seu apocalitismo son, por exemplo, a recuperación de espazo por parte da Literatura inglesa a custa da Teoría nos Estados Unidos, o impacto dos estudos cul-

¹⁶ *Op. cit.*: 23.

¹⁷ *Comparative Literature: A Critical Introduction*. Oxford: Blackwell 1993, 47.

turais, a diminución de cátedras específicas e en xeral os prexuízos xenéricos causados polo antieurocentrismo propio das perspectivas postcoloniais e multiculturais.

A nós tócanos, en Europa, traballar para que isto non chegue nunca a ser así. Contamos a tal fin cunha bagaxe de valor incalculable: a obra do mestre, considerablemente enriquecida e matizada nos últimos vinte e cinco anos da súa vida, cando por vontade propia se propuxo regresar ao seu país para liderar o desenvolvemento duns estudos que entón eran, en España, case inexistentes. A repentina desaparición de Claudio Guillén cando era tan viva e exemplar a súa presenza entre nós, e cabía aínda esperar tanto do seu maxisterio, fai certo, unha vez máis, o emocionado pranto do poeta Byron: *the sword outwears its sheath*.